



CONVENIO ENTRE O MINISTERIO DE DEFENSA E A CONSELLERÍA DE SANIDADE DA XUNTA DE GALICIA PARA REGULAR AS MODALIDADES DE ACTUACIÓN NO ÁMBITO SANITARIO DERIVADAS DA CESIÓN DE USO DO HOSPITAL BÁSICO DE DEFENSA DE FERROL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico, **DECLARA:**

Que a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia asinou co Ministerio de Defensa o instrumento convencional arriba referido, que ten vixencia por un período de catro anos tras a súa publicación no *Boletín Oficial do Estado* e será prorrogable por un período doutros catro anos, por acordo expreso das partes, mediante unha addenda de prórroga ao convenio, manifestada cun mínimo de dez meses de antelación á finalización do prazo de vixencia.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular o uso compartido civil e militar do Hospital Básico da Defensa en Ferrol e da cámara hiperbárica, da Jefatura de Apoyo Sanitario de Ferrol, e regular as modalidades de actuación no ámbito sanitario entre o Ministerio de Defensa e o Servizo Galego de Saúde.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

A Constitución Española, no seu artigo 149.1.4º, establece que o Estado ten competencia exclusiva en materia de Defensa, en tanto que o seu artigo 43 “reconoce el derecho a la protección de la salud” e encomenda a “los poderes públicos la organización y tutela de la salud pública a través de las medidas preventivas y de las prestaciones y servicios necesarios”, sendo a Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, a que estipula que serán os Servizos de Saúde de cada Comunidade Autónoma os responsables da xestión integrada de todas as estruturas asistenciais desta.

A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, configura o Servizo Galego de Saúde “como un organismo autónomo de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, cuxo obxectivo é a provisión dos servizos e prestacións de atención sanitaria individual de cobertura pública no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia”; no seu artigo 94, contempla “a promoción da docencia e investigación en ciencias da saúde no ámbito dos centros, servizos e establecementos sanitarios asistenciais”, e no seu artigo 84 recolle a posibilidade de establecer convenios con diferentes institucións da Administración Xeral do Estado.



A principal razón de ser da Sanidade Militar atópase no apoio sanitario ás operacións militares e, en consecuencia, está a procederse á reestruturación da súa Rede Sanitaria Militar, adaptando as capacidades desta ás súas necesidades reais.

A Directiva do Ministro de Defensa sobre o Plan de Acción da Sanidade Militar para o período 2015/2024, de maio de 2015, abordou a modificación da estrutura da Rede Sanitaria Militar, recollendo como unha das medidas para tomar a desactivación das Clínicas Militares, dependentes da Inspección General de Sanidad de la Defensa, para a súa paulatina integración en unidades sanitarias dos Exércitos e da Armada, priorizando a esixencia de manter as capacidades profesionais de maneira continuada, abordando programas de formación e prácticas mediante o recurso da utilización da estrutura sanitaria do Estado e Comunidades Autónomas, a través da figura dos convenios.

O “Convenio de colaboración entre el Ministerio de Defensa y la Xunta de Galicia para la ejecución del protocolo suscrito para regular el uso compartido civil y militar del Hospital Básico de la Defensa en Ferrol”, asinado o 10 de xullo de 2007, tiña por obxecto establecer as condicións necesarias para ceder o uso das instalacións e equipos, así como o traspaso voluntario de persoal civil do Hospital Básico da Defensa en Ferrol (en diante Hospital Naval) ao Servizo Galego de Saúde a fin de xestionar un hospital de utilización civil e militar en Ferrol no que estea integrada unha clínica militar. Así mesmo, establécense as bases de cooperación entre os profesionais da citada clínica e o Servizo Galego de Saúde.

Como parte integrante do Convenio incluíronse os tres Anexos seguintes:

- ANEXO I. Clínica Militar integrada no Hospital de utilización civil e militar “Hospital Naval” da cidade de Ferrol.
- ANEXO II. Condicións que rexen a concesión demanial a favor do Servizo Galego de Saúde das instalacións onde se atopaba situado o Hospital Básico da Defensa de Ferrol.
- ANEXO III. Relación de compromisos vixentes no Hospital Básico da Defensa de Ferrol.

No Anexo II acordouse que “El Servicio Gallego de Salud, una vez adscritas por el Ministerio de Defensa las citadas instalaciones, realizará a su cargo los acondicionamientos y reformas necesarios para el funcionamiento del hospital de utilización civil y militar, incluida la clínica militar que se acondicionara en los locales reservados al efecto y conforme a las especificaciones señaladas por el Ministerio de Defensa.”

A cesión de uso das instalacións e equipos levouse a cabo mediante concesión demanial de data 23 de xullo de 2007, por unha duración de 75 anos.

Produciuse a desactivación da Clínica Militar de Ferrol e o traspaso á Armada da cámara hiperbárica, asumindo parte das súas funcións (recoñecementos periódicos e Servizo de cámara hiperbárica) a Jefatura de Apoyo Sanitario de Ferrol (JASANFER), dependente do Almirante Xefe do Arsenal desa localidade. O resto da actividade pericial seguirá a cargo da IGESAN, a través da Xunta Médico-Pericial ordinaria e da Unidade Recoñecemento Pericial de nova creación.

A desactivación da Clínica Militar de Ferrol non supón a perda dos espazos e instalacións que viñan ocupando na antiga Clínica Militar de Ferrol, senón que estas serán ocupadas pola





Unidade de Recoñecemento Pericial, a Junta Médico-Pericial, ambas dependentes da IGESAN, e pola JASANFER, de acordo ás súas necesidades presentes e futuras.

O Servizo Galego de Saúde está a poñer en marcha un Proxecto de Execución do Plan Director para a modernización do Hospital Naval que incide en parte sobre as instalacións reservadas para o Ministerio de Defensa.

A Subdirección Xeral de Patrimonio do Ministerio de Defensa emitiu informe favorable ao citado proxecto en data 14 de agosto de 2019 condicionado á adecuación dos novos espazos, por parte do Servizo Galego de Saúde, para que permitan o normal desenvolvemento das actividades militares no devandito hospital.

Froito da colaboración que se veu mantendo desde a firma do protocolo e convenio antes citados, ambas as institucións desexan seguir colaborando e apoiándose mutuamente, polo que interesa ao Ministerio de Defensa seguir contando co apoio dos dispositivos asistenciais do Servizo Galego de Saúde no exercicio tanto das actividades periciais como das necesidades da JASANFER, estas últimas basicamente referidas, segundo queda dito, a recoñecementos médicos periódicos.

De igual maneira, deséxase seguir mantendo o apoio que o Ministerio de Defensa proporciona ao citado hospital, e máis concretamente, a utilización da súa Cámara Hiperbárica, que como consecuencia da desactivación da Clínica Militar de Ferrol, pasou a depender da referida JASANFER, achegando así mesmo o seu persoal para as necesidades do Servizo Galego de Saúde, tal e como vén producíndose na actualidade.

O Ministerio de Defensa e o Servizo Galego de Saúde, continuando co espírito de colaboración que preside as súas relacións, poñen a disposición mutua as súas respectivas redes sanitarias para o desenvolvemento de cantas accións formativas e de investigación biosanitaria ou doutra índole estímense de interese, considerándose que o seu tratamento e desenvolvemento poderían levarse a cabo a través da comisión mixta de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polo asinantes que regula o Convenio.

O Convenio do 10 de xullo de 2007 entre o Ministerio de Defensa e a Xunta de Galicia recollía no seu Anexo III dous compromisos previos que mantiveron a súa vixencia:

a) Acordo de colaboración entre a Zona Marítima do Cantábrico e a Universidade da Coruña sobre a implantación dunha clínica podolóxica no Hospital Naval de Ferrol asinado o 22 de decembro de 1999.

b) Convenio de colaboración entre o Ministerio de Defensa, Hospital Básico da Defensa, en Ferrol e a fundación pública Urgencias Sanitarias de Galicia 061, asinado o 30 de xuño de 2006.

Na actualidade seguen situadas nas dependencias do Hospital Naval tanto a clínica podolóxica como o 061-Urgencias Sanitarias de Galicia. Con todo, desde que se cedeu o dito Hospital ao Servizo Galego de Saúde, mediante a concesión demanial antes citada, deixou de haber unha relación directa entre as partes que os subscribiron e por tanto na actualidade poden considerarse concluídas as finalidades de ambos os convenios. Ademais, por





aplicación da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público os devanditos convenios quedaron extinguidos, ao non adaptarse a esta.

Sen prexuízo diso, considerando o interese manifestado pola Universidade, a Fundación e o Servizo Galego de Saúde procede incluír neste convenio unha autorización específica para que este último poida convir con aquelas o réxime de utilización dos espazos que veñen utilizando.

Todas estas novas circunstancias esixen reflectirse nun novo acordo entre ambas as administracións adecuando o establecido o Convenio entre o Ministerio de Defensa e a Xunta de Galicia asinado o 10 de xullo 2007 para regular o uso compartido civil e militar do Hospital Naval.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

